



ACTA DE CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO MIXTO ENTRE A ENTIDADE CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE, APOIO E O ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO "VALDEORRAS ACTIVA", PREVISTO NO ARTIGO 10 DA ORDE DO 8 DE FEBREIRO DE 2017, DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DE EMPREGO DENTRO DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2017 (DOG núm. 44, do 3 de marzo).

O día 21 de agosto de 2017, ás 09:00 horas reúnen nas dependencias da Consellería de Economía, Emprego e Industria os representantes designados pola entidade promotora e pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense e, a vista das acreditacións, acordan constituírse en Grupo de Traballo Mixto para realizar o proceso de selección do alumnado e o persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro.

O grupo de traballo queda constituído e organizado como segue:

Representantes da entidade promotora:

Mónica Redondo Villarino, vogal.  
José Manuel Casado López, vogal.

Representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense

José Luis Villanueva Menor, designado Presidente pola Xefatura Territorial.  
Mª del Mar Añel Pollos, vogal.

Decídese por unanimidade tratar a seguinte asunto: iniciar os procesos de selección necesarios para a posta en marcha do obradoiro.

Unha vez analizados e debatidos os documentos de xeito oportuno, tomáronse por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1.- Aprobar as Bases para a selección do alumnado (anexo I), do persoal directivo (anexo II), docente (anexo III) e de apoio (anexo IV), que permanecerán expostas nos taboleiros da oficina de emprego, entidade promotora e Xefatura Territorial durante todo o proceso de selección.

2.- Iniciar a selección de persoal directivo, docente e de apoio coa presentación das ofertas de emprego xenéricas na oficina de emprego de O Barco de Valdeorras, para a súa xestión cos requisitos e seguindo o proceso determinados nas Bases Anexo II, Anexo III e Anexo IV.

De conformidade coas Bases, o proceso terá as seguintes fases:

- . Valoración do Currículo
- . Entrevista persoal

A oficina de emprego de xestión citará ás persoas candidatas para que acudan ao acto de selección co currículo asinado, a documentación xustificativa indicada na carta pola que se lles convocará e a vida laboral actualizada.



Realizada a valoración dos currículos, o grupo mixto publicará nos taboleiros de anuncios da entidade promotora, da oficina de emprego e da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense (Servizo de Orientación e Promoción Laboral) as listaxes de admitidos coa puntuación provisional do currículo e da entrevista, e de excluídos, de ser o caso, e fixará un prazo de tres (3) días para reclamacións.

Concluído o prazo de reclamacións, se as houbera, o grupo mixto procederá ao seu estudo e resolución, que serán publicadas na acta correspondente á listaxe definitiva. A listaxe definitiva terá carácter de proposta de contratación.

3.- Instar o recrutamento para a selección do alumnado-traballador a través de oferta da oficina de emprego de O Barco de Valdeorras, cos requisitos previstos nas Bases (Anexo I) e que sexan demandantes do programa obradoiros de emprego.

Serán citados na data, lugar e hora que lle fixe o grupo mixto para cumprimentar o formulario de datos ao que será de aplicación o baremo do anexo I, e deberán acudir coa documentación indicada na carta da oficina de emprego. Os datos manifestados no formulario teñen presunción de veracidade, sen prexuízo da posibilidade de que sexan verificados polo grupo mixto.

Farase a publicación da listaxe provisional de admitidos e excluídos, dando un prazo de tres (3) días naturais para reclamacións.

A súa resolución constará na Acta que publique as listaxes definitivas, que se ordenará por puntuación e sendo esta a proposta para a contratación pola entidade promotora como alumnado-traballador.

As persoas candidatas para alumnado-traballador deberán interesarse polo resultado provisional e definitivo do proceso consultando os taboleiros da entidade promotora, da oficina de emprego e da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense- servizo de Orientación e Promoción Laboral.

4.- O Grupo de Traballo Mixto poderá ter a colaboración de persoal técnico, tanto da Entidade Promotora como da Xefatura Territorial, na realización das diferentes fases do proceso. Poderán designarse suplentes para o caso de vacante, ausencia ou enfermidade dalgún dos membros do grupo mixto.

5.- As incidencias e reclamacións que se puideran suscitar derivadas do proceso de selección serán resoltas por este grupo mixto, sen que procede ulterior recurso administrativo (artigo 14.1 da Orde de convocatoria).

Non tendo outro asunto para tratar o Presidente da por concluída a sesión sendo as 09:45 horas do día da data, asinando os seus membros en conformidade.

Representantes da Entidade Promotora

  
Mónica Redondo Villarino

  
José Manuel Casado López

Representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense

  
José Luis Villanueva Menor

  
Mª del Mar Abel Pollos

